

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE NOVIEMBRE DE 2015**



ÍNDICE

1	DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	9
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.	10
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.	11
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2015.	15
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual Novembro 2015	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
5.3.	Días de chuvia en novembro de 2015	18
5.4.	Evolución da precipitación en novembro de 2015.	20
6	VENTO	21
7	RADIACIÓN SOLAR	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 09-12-2015

Mes cálido e moi seco en gran parte de Galicia.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro quedou en xeral caracterizado pola presenza de altas presións que impediron o normal achegamento das borrascas nesta época do ano. Pero ademais estas altas presións nas primeiras 3 semanas achegaron aire cálido de xeito que as temperaturas foron en xeral elevadas para a época do ano.

Así, o primeiro día do mes tivemos precisamente esas condicións, coas altas presións ao norte da península Ibérica aportando estabilidade e deixando ceos moi despexados. As temperaturas nesta xornada superaron os 20°C en moitos lugares da Comunidade.

Nas seguintes dúas xornadas tivemos inestabilidade, xa que unha bolsa de aire frío en altura entrou pola península Ibérica á altura de Lisboa, deixando dúas xornadas de descenso de temperatura e algunhas precipitacións.

As xornadas do 4 e o 5 quedaron determinadas polos ventos do suroeste e as borrascas atlánticas que deixaron chuvia máis persistente e intensa na zona oeste, pero bastante xeneralizada.

Sen embargo a partir do día 6 as altas presións volveron a dominar a situación meteorolóxica situándose o centro de altas presións sobre a península Ibérica. Esta situación, xunto coas borrascas do Atlántico norte fixo que os ventos continuasen a soprar de compoñente sur, polo que as xornadas do 6, 7 e 8 rexistraron valores inéditos de temperatura nun mes de novembro, tanto nas mínimas como máximas. Destacan neste sentido as mínimas do día 6 que no norte de Lugo estiveron por riba dos 20°C e na Coruña por riba dos 19°C.

Na xornada do 7 as máximas superaron os 25°C en moitos lugares e puntualmente os 26°C na cidade de Ourense, constituíndo unha efeméride meteorolóxica nese lugar.

A situación anticiclónica continuou nos seguintes días, aínda que a partir da xornada do día 9 as temperaturas foron descendendo lixeiramente e aínda que seguían sendo altas para a época do ano xa non se volveron a marcar os valores destacados de período entre o 6 e o 8. Isto foi debido a entrada de aire algo máis fresco dende o Atlántico e ao feito de que os ventos sopraron con menor intensidade e as néboas foron persistentes en moitos puntos durante as mañás.



A situación cambiou dun xeito brusco durante a xornada do 20, día no que se foi formando un corredor de isóbaras que foi achegando aire frío procedente do Atlántico norte. O paso dun sistema frontal durante a noite do día 20 marcou a fronteira entre a situación de tempo seco e cálido cara a outro frío e con precipitacións que se estendeu nas xornadas do 21, 22 e na primeira metade do 23. As precipitacións non foron moi cuantiosas neste período pero si xeneralizadas e a presenza de aire frío fixo quen estas precipitacións fosen de neve por riba dos 1000 metros ocasionando a activación dunha alerta amarela por neve nas áreas de montaña de Lugo e Ourense durante a xornada do 22.

Nos derradeiros días do mes volveu a predominar a influencia anticiclónica, pero neste caso xa con aire frío polo que as temperaturas tiveron un considerable descenso con respecto aos valores que se acadaran nas semanas anteriores. O único episodio de chuvia salientable nese período entre o 23 e o 30 tivo lugar o día 24 co paso dun sistema frontal moi debilitado. Tamén o 26 se rexistraron algunhas chuvias febles no terzo norte de Galicia. En canto as temperaturas, rexistraron valores máis propios desta época do ano, con xeadas en zonas do interior e máximas que en xeral non superaban os 15°C.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) amosan unha situación de presións máis elevadas do habitual nesta época do ano, moi preto da Península Ibérica. Isto explica a ausencia de chuvias e os prolongados períodos anticiclónicos. Ademais, a posición destas anomalías propiciou a chegada de aire cálido, deixando elevadas temperaturas para esta época do ano.



Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Novembro 2015




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Novembro 2015




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

4 Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña-TorreHércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-A Granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

5

6 O valor climático corresponde coa promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	NOVEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.7	13.0	15.2 (1983)	10.8 (1966)
Tª mínima media	13.2	10.3	12.5 (2006)	7.9 (1956)
Tª mínima absoluta	6.7 (día 23)	2.6 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	19.1 (día 6)	18.4 (07/11/1985)		
Tª máxima media	18.2	15.8	19.7 (1948)	13.1 (1966)
Tª máxima absoluta	24.2 (día7)	25.0 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	13.1(día 28)	8.4 (29/11/1969)		
Precipitación acumulada	27	101-120	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	6	14	28 (1935)	1 (1981)

Comentario: Mes cálido en xeral para todas as temperaturas. Neste ano superáronse efemérides tanto nas temperaturas medias como nas mínimas. Ademais rexistrouse a mínima máis alta nesta localidade para novembro dende 1948.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando o mes moi seco, isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, menos da metade dun mes de novembro normal.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2015 Temperatura: 1948-2015



SANTIAGO

	NOVEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.3	11.5	14.5 (1983)	9.8 (2010)
Tª mínima media	10.0	7.9	11.0(1983)	6.0 (2001)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 30)	-3.2 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	16.2 (día 6)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	16.7	15.2	17.9 (1983)	13.5 (2010)
Tª máxima absoluta	21.7	24.7 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	9.9 (día 24)	5.5 (26/11/2005)		
Precipitación acumulada	44	170-239	475 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	6	16	26 (2000)	3 (2001)

Comentario: Mes cálido en xeral para todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, tamén moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

LUGO

	NOVEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.8	9.2	11.9 (1992)	6.3 (1971)
Tª mínima media	7.1	5.4	8.9 (1992)	2.6 (1971)
Tª mínima absoluta	-0.8 (día 29)	-5.0 (17/11/2007)		
Tª mínima máis alta	13.2 (día 5)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	16.4	13.0	16.3 (1981)	9.5 (1966)
Tª máxima absoluta	23.2 (día 8)	26.0 (02/11/1970)		
Tª máxima máis baixa	8.6 (día 24)	3.0 (06/11/1980)		
Precipitación acumulada	62	94-112	247 (2000)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	9	13	26 (2000)	1 (1981)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas resultou moi cálido e ademais foi o valor máis alto dende 1966.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando o mes moi seco. O número de días de chuvia tamén foi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	NOVEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.2	11.9	14.8 (2006)	9.89 (1966)
Tª mínima media	10.1	7.2	10.6 (2006)	4.5 (1971)
Tª mínima absoluta	3.0 (día 30)	-1.5 (30/11/1963)		
Tª mínima máis alta	16.5 (día 6)	17.8 (02/11/2002)		
Tª máxima media	18.3	16.5	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	23.9 (día 1)	26.3 (02/11/1987)		
Tª máxima máis baixa	12.6 (día 22)	7.4 (30/11/2008)		
Precipitación acumulada	58	153-208	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	7	13	25 (2009)	0 (2001)

Comentario: Mes cálido en xeral para todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2015. Temperatura: 1958-2015

7**OURENSE**

	NOVEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.8	10.8	13.9 (1983)	9.1 (2001)
Tª mínima media	7.9	6.1	9.5 (1983)	1.6 (2007)
Tª mínima absoluta	-0.1 (día 29)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª mínima máis alta	13.5 (día 5)	17.8 (07/11/1985)		
Tª máxima media	17.6	15.5	18.2 (2006)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	26.1 (día 7)	24.7 (09/11/2006)		
Tª máxima máis baixa	9.5 (día 30)	3.8 (29/11/1990)		
Precipitación acumulada	31	63-99	240 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	6	10	24 (1997)	0 (1981)

Comentario: Mes cálido tendo en conta todas as temperaturas. Destaca o valor da temperatura máxima absoluta que foi a máis alta dende 1972 para este mes.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco, rexistrándose tamén un número de días de chuvia inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2015. Temperatura: 1972-2015

8 TEMPERATURA

A pesar do descenso térmico significativo dos derradeiros 10 días do mes, este pódese considerar cálido en xeral, xa que a importante anomalía da primeira metade do mes non puido ser cancelada por ese derradeiro período frío. Compre destacar as temperaturas moi elevadas que tivemos principalmente os días 6, 7 e 8 cando se superaron rexistros históricos nun mes de Novembro en Galicia.

8.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 15.6 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na zona de Pena Trevinca, (entorno aos 8°C) e os valores máis altos (entorno aos 19°C) rexistráronse principalmente no litoral da provincia de Pontevedra, na Mariña Luguesa e na comarca de A Coruña.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de novembro de 2015.



8.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro para o territorio galego foi de 7.8 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no sur da comarca da Limia e nas zonas máis altas da provincia de Ourense (preto de 1.9 °C) e os máis altos en todo o litoral Galego, pero destacan Estaca de Bares e Cariño. (con máis de 15 °C)




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de novembro de 2015.

8.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de novembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 2.5 °C, polo que o mes considérase cálido. A totalidade da Comunidade acadou valores por riba dos normais, resultando moitas localidades galegas moi cálidas. As zonas con anomalías máis altas estiveron entorno aos 3.5 °C por riba da media.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de novembro respecto ao período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. As anomalías máis altas de temperatura acadáronse principalmente nas comarcas de Sarria e Os Ancares, pero tamén destaca a Comarca de Ortegal. Nestes lugares o mes resultou moi cálido.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	3.7
Cedeira	A Coruña	3.5
Samos	Lugo	3.4
Cariño	A Coruña	3.4
Nogais (As)	Lugo	3.4
Becerreá	Lugo	3.3
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.2
Láncara	Lugo	3.2
Cerdido	A Coruña	3.2
Baralla	Lugo	3.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de novembro de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Pobra do Caramiñal	A Coruña	1.2
Ribeira	A Coruña	1.3
Boiro	A Coruña	1.3
Porto do Son	A Coruña	1.3
Allariz	Ourense	1.4
Pontevedra	Pontevedra	1.6
Bola (A)	Ourense	1.6
Muros	A Coruña	1.6
Vilanova de Arousa	Pontevedra	1.6
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	1.6

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de novembro de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Déronse principalmente nas comarcas do Barbanza e Noia, que aínda así resultaron cálidas.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Os valores máis altos de temperatura acadáronse nas xornadas do 7 e 8 de novembro, tanto por riba como por debaixo dos 1000 m..

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/11/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	27.2
07/11/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	27.1
07/11/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	27.0
01/11/2015	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	26.9
08/11/2015	Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	26.5
07/11/2015	Areas	Tui	Pontevedra	26.5
07/11/2015	Ourense	Ourense	Ourense	26.1
08/11/2015	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	26.0
07/11/2015	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	26.0
01/11/2015	Vigo	Vigo	Pontevedra	25.8

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/11/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	20.3
08/11/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	20.1
08/11/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	20.1
10/11/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	19.7
19/11/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	19.0
07/11/2015	Xurés	Muiños	Ourense	18.7
10/11/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	18.3
08/11/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	18.1
10/11/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	17.7
08/11/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	17.1

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 23 presentou as temperaturas máis baixas por riba dos 1000 m, nevando ese día. Por debaixo desta altitude as xornadas do 29 e o 30 foron as máis frías, aínda que non viron acompañadas de precipitación.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/11/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-5.6
23/11/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-5.2
23/11/2015	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	-4.5
23/11/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	-4.5
23/11/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-3.9
23/11/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	-3.6
23/11/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.9
23/11/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-2.0
30/11/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-2.0
23/11/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-1.9

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/11/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-8.2
30/11/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-5.3
30/11/2015	Morelle	Sarria	Lugo	-4.1
29/11/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-3.8
29/11/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-3.5
29/11/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-3.2
29/11/2015	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-3.0
29/11/2015	Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	-3.0
30/11/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-2.9
29/11/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	-2.7

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2015 altitude inferior a 1000m.

8.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 13.1 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para novembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 2.3 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Este mesmo valor, acadouse tamén nas anomalías das temperaturas máximas e mínimas. O ano 2006, acadou un valor similar ao deste ano 2015.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en novembro, respecto ó período 1971-2000.

9 PRECIPITACIÓN

O mes pode considerarse moi seco en xeral en toda Galicia, xa que non houbo apenas episodios de chuvia persistente e xeneralizada, tan propios desta época do ano. As fronteiras que chegaron a principios e finais do mes o fixeron bastante debilitadas e o predominio de situacións anticiclónicas deixou máis días dos agardados de tempo completamente seco.

A chuvia media no mes de novembro obtida a partir dos valores do mapa foi de 65 L/m². Houbo un gran contraste entre o leste e o oeste da Comunidade. Así, os valores máis altos acadáronse en Fornelos de Montes onde se chegou os 158 L/m² en cambio na comarca de Carballeda de Valdeorras, acadáronse valores preto de tan só dos 5 L/m².

9.1. Precipitación acumulada mensual Novembro 2015




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2015.



9.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de novembro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na comarca da Fonsagrada, principalmente no concello de Negueira de Muñiz onde choveu ata uns 59% máis do normal, considerándose o mes húmido. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi dun 62 % inferior ao valor agardado, é dicir, foi un mes seco pero gran parte da Comunidade resultou moi seca. Neste ocasión, o áreas do concello de A Veiga resultaron as máis secas, chegando a chover menos dun 90% do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de novembro de 2015.



9.3. Días de chuvia en novembro de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 7.7. Os valores máximos obtivéronse na Serra do Xistral, onde case se acadan os 15 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron principalmente nas comarcas de a Coruña e no concello de Carballeda de Valdeorras, onde o número de días de chuvia máis baixos foi de case 4.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de novembro de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de novembro, as provincias de Pontevedra e Coruña e algunhas rexións da provincia de Lugo obtiveron os valores máis altos de precipitación. En canto á táboa 8 indica a precipitación máxima recollida en 24 h tendo en conta o instante de inicio. No período que comezou nas últimas horas da xornada do día 4, e no día 5, rexistráronse os valores máis altos de precipitación acumulada.

Precipitacións acumuladas máximas en novembro de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	158
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	154
Muralla	Lousame	A Coruña	147
Labrada	Abadín	Lugo	129
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	121
Pereira	Forcarei	Pontevedra	116
Cespón	Boiro	A Coruña	116
Coto Muiño	Zas	A Coruña	114
Ancares	Cervantes	Lugo	108
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	107

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	Lousame	A Coruña	89	05/11/2015 0:30
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	88	05/11/2015 7:20
Cespón	Boiro	A Coruña	80	04/11/2015 20:20
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	76	04/11/2015 15:00
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	68	05/11/2015 7:00
Castrove	Poio	Pontevedra	57	04/11/2015 22:40
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	56	05/11/2015 7:20
M Aloia	Tui	Pontevedra	53	04/11/2015 23:10
Pereira	Forcarei	Pontevedra	53	05/11/2015 6:40
Armenteira	Meis	Pontevedra	49	04/11/2015 14:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2015.



9.4. Evolución da precipitación en novembro de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 54 L/m². Foi o ano máis seco nos derradeiros 10 anos.




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para novembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 64% por debaixo do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse como seco. O ano máis próximo cun valor inferior ao acadado este novembro foi o 2004.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en novembro, respecto ó período 1971-2000.



10 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de novembro. Son poucos os días nos que se superou este limiar en Galicia.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
01/11/2015	Xares	A Veiga	Ourense	133.7
05/11/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	110.8
20/11/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	102.5
21/11/2015	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	101.2

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en novembro de 2015.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	82.9	S	14		
		Día 5				
Pta. Candieira	Cedeira	110.8	SO	11		
		Día 5				
Malpica	Malpica	85.7	O	8		
		Día 20				









PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	68.4	SO	10		
		Día 20				
Río do Sol	Coristanco	74.7	SE	4		
		Día 5				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Novembro de 2015 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	99.6	S	17		
		Día 5				
Ancares	Cervantes	92.8	S	8		
		Día 21				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Novembro de 2015 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	75.5	SO	19		
		Día 21				
Rodicio	Maceda	49.8	SO	12		
		Día 3				
Gandarela	Celanova	61.3	NO	48		
		Día 21				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Novembro de 2015 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	74.7	S	15		
		Día 21				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	70.3	NE	10		
		Día 22				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Novembro de 2015 na provincia de Pontevedra.

Como se pode observar, nas táboas anteriores, foron moitas as localidades de Galicia, que mostraron unha porcentaxe de calmas superior ao 10%. Isto debeuse principalmente ao predominio dos episodios anticiclónicos neste mes.



11 RADIACIÓN SOLAR

11.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de novembro de 2015.



11.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



12 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia non detectou raios en Galicia neste mes de novembro, novamente debido o predominio anticiclónico, no que non se deron situacións que permitisen a formación de grandes estratocúmulos. Ademais a chuvia que se chegou a rexistrar non foi nunca de tipo convectivo.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 11

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Coruña-Torre de Hérculo	15.4	18.2	24.2	7	13.2	6.7	23	27	10.3	22	-	77	87	65	-	-	-	-	-	-	-	-	--	-	10	0	
A Gándara	12.2	14.7	20.5	2	10.4	5.8	23	85	17.2	22	46	88	96	75	35	100	582	22	88	5	977	17	0				
Aldea Nova	13.1	16.2	22.2	2	10.9	4.7	23	97	25.8	22	59	86	95	72	29	84	516	9	70	20	993	15	0				
Arzúa	11.5	16.4	22.5	7	7.2	-2.4	30	77	21.8	22	38	89	98	71	42	122	654	5	43	21	982	23	3				
Camariñas	14.9	17.1	20.3	7	12.4	5.7	30	50	15.5	5	-5	82	90	69	38	110	647	18	75	21	1024	20	0				
Cariño	15.3	17.8	23.7	8	12.8	7.6	23	61	20.6	21	13	83	94	70	34	96	585	12	84	20	1024	12	0				
Cespón	13.6	18.3	23.4	1	10.0	3.1	30	116	80.0	5	76	90	99	69	43	125	644	6	52	21	1021	24	0				
CIS Ferrol	14.2	18.2	24.2	7	11.0	4.4	30	54	10.3	22	17	88	99	70	32	93	570	9	62	22	1022	12	0				
Corrubedo	14.8	18.1	23.5	1	12.3	6.8	23	41	25.1	5	-6	85	95	70	43	125	688	10	69	22	1022	11	0				
Coruña-Dique	14.8	17.4	23.3	2	12.4	4.8	23	19	5.6	22	--	90	99	76	-	-	-	17	78	22	1025	11	0				
Coruña-San Diego	17.5	20.2	26.1	7	15.0	8.0	23	33	9.6	22	--	76	87	62	34	97	535	7	55	21	1025	11	0				
*Costa	13.0	17.7	23.5	2	9.4	1.3	30	43	17.6	5	--	92	99	74	-	-	-	3	40	5	1006	10	0				
*Coto Muiño	11.6	16.9	24.0	2	7.4	-2.6	30	114	34.9	5	-	94	100	76	-	-	-	3	43	5	-	21	2				
Fontecada	12.0	15.8	21.3	2	9.1	0.7	30	94	41.6	5	56	88	95	71	38	111	604	11	60	5	982	16	0				
*Guísamo	13.8	17.5	23.4	7	11.0	4.3	23	38	16.8	22	--	80	89	64	-	-	-	4	37	21	1005	10	0				
*Lesende	13.4	17.1	21.9	2	10.5	4.5	29	62	19.9	5	20	82	91	66	41	119	616	5	49	20	1005	13	0				
Lira	14.2	16.3	20.9	8	12.5	7.8	21	42	17.7	5	-3	85	95	72	40	115	619	20	83	5	-	13	0				
Mabegondo	13.3	18.4	25.2	7	9.2	0.5	23	44	14.6	22	5	90	97	74	43	123	666	6	43	6	1015	8	0				
Malpica	13.9	16.8	22.2	7	11.9	7.5	30	28	4.8	22	-16	87	97	74	36	105	608	18	86	20	1006	14	0				
Marco da Curra	10.8	13.7	19.0	7	8.7	3.5	21	74	18.8	22	39	91	99	78	38	108	599	17	68	20	950	21	0				
Melide	11.3	16.4	23.8	7	7.3	-0.6	29	54	14.8	22	16	89	99	70	43	124	616	6	48	21	970	19	2				
Muralla	11.0	13.4	18.3	2	9.2	3.5	23	147	88.9	5	117	92	99	82	40	115	562	24	86	21	949	20	0				
*O Val	13.9	18.3	23.6	7	10.2	2.0	30	49	17.0	22	-	89	98	71	-	-	-	4	42	21	1017	13	0				
Olas	11.9	15.8	21.0	8	8.8	2.6	23	82	27.2	22	48	92	100	74	38	109	592	12	63	5	-	23	0				
*Ordes	11.7	16.7	21.4	7	7.4	-0.9	29	61	20.4	22	-	91	98	73	-	-	-	5	87	5	993	18	3				
*Paramos	11.9	15.5	20.5	2	9.0	2.2	23	98	37.2	5	-	93	99	79	-	-	-	6	53	22	983	25	0				
*Pazo de Galegos	12.8	17.2	23.9	7	9.3	-0.2	30	55	21.6	5	19	91	99	74	37	108	605	4	38	5	999	9	1				
Punta Candieira	14.0	16.1	21.1	8	12.5	7.8	21	33	8.8	22	-15	84	95	72	30	86	547	26	111	5	994	13	0				
Punta Langosteira	15.5	17.4	22.4	7	13.4	7.4	23	10	5.7	22	-	83	94	70	35	100	563	17	87	5	1023	9	0				
Río do Sol	11.4	14.2	19.5	2	9.4	4.5	23	81	18.6	22	49	91	98	79	32	92	529	20	75	5	962	17	0				
*Rus	13.3	18.1	23.8	2	9.2	0.8	30	51	21.7	22	-	89	98	72	-	-	-	5	54	5	1009	12	0				
Sálvora	15.3	17.5	21.3	1	13.5	8.0	30	51	22.0	5	-1	85	94	73	49	141	725	18	71	4	-	11	0				
Santiago-EOAS	12.8	16.7	21.7	7	10.0	0.3	30	44	20.5	5	4	88	97	71	40	114	635	7	46	5	995	15	0				
Santiago-San Lázaro	12.4	16.2	21.1	7	9.5	-0.1	30	45	14.6	5	--	88	96	71	38	109	598	9	53	8	989	9	1				
Sergude	12.4	17.2	23.2	7	8.9	-0.1	30	51	20.4	5	-	92	100	73	31	90	530	-	-	--	-	19	1				
Serra da Faladoira	11.4	14.1	19.7	7	9.4	4.0	21	107	30.1	22	70	91	99	79	40	113	641	19	89	20	958	15	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 11

Provincia	Tª°C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días							
	Estación	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med		Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa		Choiva	Xeada						
Lugo																																
A Pontenova	11.7	15.5	22.6	8	8.6	1.4	30	103	34.5	22	-	88	97	73	41	117	614	-	-	--	-	-	--	-	15	0						
Abradelo	10.3	14.5	22.2	7	6.8	-0.1	29	58	19.9	3	-	82	95	66	47	135	699	-	-	--	-	-	--	-	11	1						
Alto de Cerredo	9.9	13.0	19.8	8	7.4	0.9	23	102	29.6	22	--	86	97	73	-	-	-	9	58	20	915	14	0									
*Alto do Faro	9.7	13.1	18.8	10	7.0	1.3	30	55	14.6	22	-	88	97	73	-	-	-	7	52	21	929	20	0									
*Alto do Poio	7.6	10.5	17.1	8	5.3	-2.9	23	102	27.8	21	-	83	94	69	-	-	-	10	73	2	-	-	--	-	15	4						
Ancares	8.3	11.3	18.1	8	5.6	-3.6	23	108	27.2	3	55	79	94	60	50	146	737	19	93	21	872	14	4									
*Borreiros	13.7	18.3	25.3	7	9.8	3.0	23	76	24.6	22	31	84	94	65	40	115	611	4	46	20	1017	12	0									
Bóveda	10.5	16.0	24.7	7	6.6	-2.0	30	57	14.2	5	16	88	97	68	41	119	672	4	46	5	975	24	2									
Burela	13.0	17.3	24.7	8	10.3	4.7	23	81	28.5	22	28	83	97	63	45	128	725	14	100	5	976	13	0									
Campus Lugo	11.1	16.4	23.2	8	7.1	-0.8	29	62	13.8	3	25	90	98	69	36	104	605	4	48	21	978	22	3									
Castro R. de Lea	10.7	15.7	22.9	8	6.5	-2.3	29	46	13.5	22	-	97	100	81	36	104	599	-	-	--	976	16	4									
Conchada	10.5	15.2	22.3	8	7.1	0.6	30	57	13.5	3	-	87	98	71	47	136	709	-	-	--	-	9	0									
Corno do Boi	10.4	13.9	19.7	8	8.0	1.7	23	88	22.2	22	54	92	100	77	44	126	636	14	70	20	-	21	0									
Courel	10.3	14.9	22.5	8	6.8	-1.3	23	79	19.1	21	31	78	92	60	48	138	719	8	77	21	936	10	1									
*Fontaneira	9.6	13.5	21.0	8	6.6	0.2	23	105	27.1	3	67	88	98	74	38	109	661	4	40	3	918	17	0									
Foz	13.9	18.2	25.8	8	10.1	3.3	23	64	26.9	22	-	82	93	67	45	130	676	-	-	--	1017	13	0									
Fragavella	11.2	14.8	21.0	8	8.0	0.2	23	80	25.8	22	38	90	98	73	48	138	709	17	90	6	955	19	0									
Guitiriz	10.7	14.0	20.3	8	8.4	2.0	23	87	16.2	21	52	90	98	76	38	108	603	12	62	20	946	19	0									
*Labrada	10.7	14.0	20.5	8	8.1	1.9	30	129	31.6	22	90	88	98	72	42	121	637	11	54	21	-	21	0									
*Lanzós	10.1	15.5	22.2	8	5.1	-2.6	30	80	17.8	22	--	92	99	73	-	-	-	2	29	4	970	16	4									
*Lourenzá	13.5	18.6	26.0	8	9.0	-0.3	30	79	30.8	22	-	85	96	66	-	-	-	5	45	20	-	16	1									
Marroxo	11.0	14.8	22.0	8	7.8	-0.6	30	35	11.8	5	-8	85	95	69	43	126	674	6	51	21	951	12	1									
*Míllara	11.4	16.9	24.9	7	8.2	1.2	29	33	15.5	5	-	91	100	69	-	-	-	4	50	21	-	14	0									
*Morelle	10.4	16.4	24.0	8	5.6	-4.1	30	48	13.2	22	13	90	99	69	30	88	566	3	31	4	977	19	3									
O Cebreiro	7.0	11.1	18.3	10	4.4	-3.9	23	92	--	--	58	91	99	74	46	133	672	17	79	5	877	0	5									
O Xipro	10.3	14.5	21.9	8	7.0	-0.6	23	94	33.9	22	49	85	97	68	47	136	695	9	58	20	934	11	1									
*Olveda	10.4	15.4	22.3	10	7.0	-0.2	30	46	12.8	5	10	93	100	75	39	112	650	4	46	21	-	22	1									
Pedro Murias	14.8	18.3	26.5	8	11.6	4.8	23	70	25.6	22	18	80	89	68	36	103	561	11	72	20	1020	15	0									
Penedo do Galo	11.8	14.5	21.0	8	9.9	4.4	30	60	13.0	22	-	86	97	74	36	103	585	-	-	--	-	15	0									
Pol	10.8	14.7	21.7	8	7.8	0.3	23	66	15.8	22	-	87	99	71	44	126	669	-	-	--	949	15	0									
Portomarín	10.9	16.2	23.4	7	7.0	-1.6	29	49	9.0	2	-	89	98	69	30	87	557	-	-	--	974	24	3									
Sambreixo	10.7	15.9	22.5	8	6.2	-3.0	29	53	12.2	22	-	88	97	70	39	114	620	-	-	--	-	20	4									
*San Clodio	10.8	16.7	24.7	8	6.8	-1.1	30	48	13.8	3	-	90	99	67	-	-	-	3	32	21	996	18	1									
*San Fiz	11.4	16.3	23.2	7	8.1	0.0	30	33	10.2	22	-11	90	99	71	40	115	690	4	34	21	980	10	1									
Ventosa	9.6	13.7	22.0	8	6.0	-0.6	23	96	25.8	22	50	82	96	65	45	130	686	9	68	20	920	13	2									
*Vilamor	13.4	18.3	25.6	8	9.0	0.0	30	65	30.2	22	21	81	91	63	42	121	620	4	42	5	-	14	1									
*Xabrega	11.1	16.3	25.8	7	7.9	-0.1	30	40	11.9	5	1	86	94	68	31	91	598	4	46	20	988	8	1									

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 11

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																											
A Mezquita	8.7	14.0	19.7	10	4.9	-1.9	23	69	18.8	4	19	81	94	65	59	171	816	11	82	1	910	16	3				
*A Portela	10.6	16.8	24.8	8	6.7	-0.1	30	47	17.4	3	5	85	98	62	39	112	648	4	42	21	-	21	1				
*A Trabe	9.5	13.5	19.8	7	6.2	0.1	23	35	12.6	2	-14	85	94	72	47	137	758	4	44	5	936	7	0				
Alto do Rodicio	9.4	12.6	18.6	7	6.8	0.3	23	64	15.1	22	0	88	98	73	48	139	699	13	50	3	913	14	0				
Amiudal	11.3	15.7	21.2	10	8.5	2.1	29	50	29.7	5	7	86	96	69	44	127	690	8	70	21	961	13	0				
As Petarelas	10.1	16.1	24.0	8	6.3	-0.8	30	52	14.9	3	-	83	95	60	46	133	735	-	-	--	-	11	1				
Baltar	8.8	15.6	21.4	8	3.7	-5.3	30	46	16.8	2	6	90	100	65	43	126	700	8	67	21	933	22	7				
Cabeza de Manzaneda	6.3	9.2	14.0	9	3.7	-5.6	23	65	28.2	21	-25	75	93	51	53	153	847	22	102	5	832	10	7				
*Calvos	7.7	14.7	21.5	10	1.9	-8.2	30	40	15.5	2	-2	90	100	65	47	138	760	6	55	21	-	13	10				
Casaio	9.1	12.5	20.1	8	6.2	-1.9	23	33	8.5	22	--	70	86	52	-	-	-	5	90	1	-	8	3				
*Corzos	7.6	13.4	20.3	7	3.6	-4.5	23	26	7.7	22	--	81	94	61	-	-	-	7	54	21	-	10	6				
Entrimo	10.7	16.0	23.4	7	7.2	1.2	29	52	18.2	5	-	86	98	66	48	141	727	-	-	--	-	11	0				
*EVEGA Leiro	11.3	18.3	27.1	7	6.7	-2.7	29	46	29.8	5	-	89	97	66	-	-	-	2	26	21	1013	19	2				
Gandarela	11.4	15.4	23.1	7	8.3	1.3	29	19	4.8	21	-25	87	98	72	46	134	722	7	61	21	954	8	0				
Lardeira	6.9	10.2	16.8	8	4.3	-4.5	23	36	10.2	2	-21	76	91	53	56	163	801	19	101	21	845	7	5				
*Larouco	10.6	16.0	22.7	8	6.4	-1.5	30	35	10.0	22	-	78	91	59	-	-	-	3	73	2	965	7	1				
Laza	10.0	15.4	22.8	8	6.0	-1.7	30	46	12.8	2	4	88	98	68	48	138	705	5	56	21	-	17	2				
Monte Medo	10.5	15.9	22.0	10	6.2	-3.0	29	42	16.8	2	-	85	99	60	47	135	706	-	-	--	-	17	2				
O Invernadeiro	8.2	14.4	19.0	19	4.3	-2.0	30	89	24.3	21	43	85	97	61	54	156	767	8	67	21	909	18	4				
Ourense	11.7	17.6	26.1	7	7.9	-0.1	29	31	19.2	5	-	87	97	63	-	-	-	-	-	--	-	15	1				
Ourense-Estacións	12.4	18.1	27.0	7	9.0	1.5	29	33	24.0	5	-3	85	96	61	32	94	562	3	34	21	1011	10	0				
*Pazo de Fontefiz	11.4	15.8	23.2	7	8.2	-0.4	30	45	27.0	5	6	83	91	67	30	88	588	4	70	30	979	8	1				
*Ponte Boga	10.9	16.1	25.0	8	7.2	-1.5	30	32	11.6	22	-13	79	90	62	42	122	678	4	48	21	971	8	1				
*Prado	11.8	17.2	24.8	7	8.5	0.2	29	37	22.2	5	--	88	95	69	-	-	-	2	33	21	1011	8	0				
Remuíño	11.4	18.4	27.2	7	7.6	-1.7	29	52	28.8	5	16	91	98	67	30	88	588	3	51	21	-	14	1				
*Riós	9.3	15.2	20.7	10	4.9	-1.3	23	50	15.1	2	3	88	100	67	54	157	828	4	33	26	-	13	3				
San Xoán de Río	8.6	13.2	20.1	8	5.6	-1.1	23	64	14.7	5	25	90	100	71	48	140	706	13	72	21	908	14	1				
Serra do Eixe	8.4	12.0	17.7	10	5.4	-2.0	23	40	11.8	3	-8	81	94	62	55	161	788	13	80	8	887	8	4				
Verín-Vilamaior	10.2	15.8	22.7	7	6.4	-0.9	30	43	15.2	2	4	88	98	68	44	128	645	5	52	2	963	19	2				
Verín-Vilela	9.3	16.7	23.8	8	4.5	-3.8	29	35	15.4	2	-2	90	99	66	38	111	634	4	64	21	-	15	5				
Viana do Bolo	9.2	15.3	21.2	7	4.6	-3.5	29	27	8.4	2	-18	86	99	64	54	156	761	8	56	21	928	12	3				
*Xares	6.4	9.9	16.3	9	3.7	-5.2	23	39	7.4	3	-20	73	89	52	56	163	812	22	134	1	831	13	7				
*Xinzo	9.7	16.0	21.8	12	4.8	-2.9	30	28	11.5	2	-13	90	100	70	44	129	718	5	53	21	-	17	5				
Xurés	9.5	13.3	18.7	7	6.6	-1.4	23	46	13.2	2	0	84	97	66	51	147	772	13	75	21	905	12	1				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 11

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva
Pontevedra																										
*A Armenteira	12.4	16.9	21.8	9	8.9	2.0	29	76	43.4	5	38	90	98	74	38	111	638	6	44	8	-	-	-	18	0	
A Granxa	12.1	18.6	25.2	1	7.8	-1.2	29	73	40.8	5	37	91	99	69	35	102	593	2	53	21	1022	-	-	25	2	
A Lanzada	13.9	18.1	23.5	1	10.5	4.9	30	37	21.4	5	-7	88	97	71	45	129	637	13	56	5	-	-	-	14	0	
*Areas	13.1	18.6	26.5	7	9.6	2.9	24	72	41.0	5	-	90	98	70	-	-	-	1	24	4	-	-	-	19	0	
*Areiro	13.5	17.6	22.8	1	10.3	3.6	30	43	20.7	5	-	89	98	73	-	-	-	3	32	4	1017	-	-	13	0	
*As Eiras	13.1	18.0	25.0	7	9.8	3.3	30	71	26.6	5	35	90	98	70	31	91	600	2	38	4	1020	-	-	23	0	
*Barrantes	12.8	18.3	23.3	1	8.2	-0.2	29	40	26.6	5	1	90	99	70	43	123	646	2	38	21	-	-	-	8	1	
Caldas de Reis	12.8	16.8	22.6	7	10.2	3.7	30	83	35.8	5	-	90	100	73	35	102	593	-	-	-	994	-	-	16	0	
*Camanzo	12.0	17.0	22.9	7	8.0	-0.3	29	42	14.1	22	6	92	99	75	35	102	603	5	42	6	1001	-	-	12	1	
Castro Vicaludo	12.7	15.5	20.8	7	10.7	4.3	23	79	34.4	5	37	86	97	73	43	126	649	15	74	4	970	-	-	13	0	
Castrove	12.6	15.9	21.4	7	10.5	5.1	21	86	56.8	5	48	89	97	75	41	118	633	10	59	28	975	-	-	15	0	
*Cequeliños	12.5	17.8	26.0	7	9.0	1.4	29	53	21.4	5	9	90	100	66	46	134	743	6	42	21	-	-	-	18	0	
Corón	14.5	17.7	22.3	2	11.7	4.2	30	46	29.8	5	2	90	99	74	46	134	694	11	58	21	1024	-	-	9	0	
*Entenza	12.7	18.3	24.9	7	9.1	2.5	23	48	23.0	5	9	91	100	70	36	104	647	2	36	21	-	-	-	21	0	
Fornelos de Montes	11.5	14.4	19.7	7	9.3	3.1	21	158	84.6	5	117	85	97	70	45	130	618	15	75	21	944	-	-	13	0	
Illas Cíes	15.2	17.7	22.1	7	13.3	8.3	29	40	22.8	5	-10	86	95	74	50	144	743	10	65	5	-	-	-	11	0	
*Louredo	12.0	15.4	21.2	7	9.1	1.2	30	59	38.5	5	-	92	98	79	-	-	-	3	32	10	997	-	-	9	0	
Lourizán	13.6	18.7	23.9	1	10.4	3.0	30	58	29.0	5	21	92	99	76	38	111	630	3	41	21	1020	-	-	21	0	
*Meder	12.8	18.2	25.0	7	9.2	1.5	30	48	21.4	5	-	82	91	61	-	-	-	2	28	4	1008	-	-	22	0	
Monte Aloia	12.3	16.0	21.9	7	9.6	2.7	29	83	53.0	5	44	90	99	76	41	118	680	8	51	21	969	-	-	11	0	
Mouriscade	10.5	16.5	22.4	10	5.7	-3.2	29	55	16.4	5	14	90	96	79	46	132	694	5	45	21	967	-	-	22	5	
O Viso	13.1	18.1	24.2	7	10.1	3.4	29	64	41.3	5	20	86	97	68	45	130	662	9	64	21	994	-	-	14	0	
Ons	14.3	16.9	21.9	2	12.2	6.5	29	44	21.0	5	-5	88	97	75	51	146	760	17	70	22	1012	-	-	13	0	
*Pé Redondo	14.1	18.2	22.7	7	11.1	4.9	30	64	36.2	5	-	88	97	72	41	118	613	2	49	4	-	-	-	19	0	
Pereira	10.5	14.3	20.7	7	7.9	1.2	28	116	50.6	5	-	91	99	76	43	125	671	-	-	-	943	-	-	25	0	
*Ponte Caldelas	12.2	16.3	22.2	1	8.9	2.7	30	121	67.1	5	79	84	94	69	47	136	680	4	39	21	983	-	-	12	0	
Pontevedra-Campolongo	13.9	20.1	26.9	1	9.8	2.2	29	68	35.8	5	-	84	95	61	-	-	-	2	35	21	-	-	-	10	0	
Queimadelos	12.7	15.9	21.6	7	10.2	4.7	23	100	52.4	5	73	88	97	74	15	45	423	3	32	21	983	-	-	14	0	
Rebordelo	11.4	16.8	22.7	1	6.8	-0.8	30	99	39.0	5	-	91	100	71	44	128	654	-	-	-	984	-	-	19	2	
Sanxenxo	14.6	18.4	23.0	7	11.6	5.0	29	43	23.6	5	-3	83	94	66	48	140	719	3	41	21	1022	-	-	15	0	
Serra do Faro	9.3	12.3	17.7	10	7.2	0.5	21	65	19.7	5	27	88	96	75	44	127	616	20	79	21	912	-	-	16	0	
*Simes	13.8	18.6	24.5	1	10.0	3.4	29	44	28.4	5	2	86	97	67	44	129	709	1	31	20	-	-	-	13	0	
*Soutomaior	13.3	17.9	24.6	1	10.5	4.1	29	56	30.9	5	-	82	90	65	-	-	-	3	29	20	1005	-	-	8	0	
*Torrequeintás	13.6	18.4	23.0	7	9.8	2.4	30	48	28.4	5	1	80	89	62	44	128	671	4	43	5	1018	-	-	21	0	
*Tremoedo	13.6	18.3	23.2	7	9.9	3.4	30	37	21.1	5	-	82	91	64	-	-	-	3	42	21	1018	-	-	12	0	
Vigo	14.6	18.9	25.8	1	11.4	4.9	29	49	31.9	5	-	92	100	72	-	-	-	-	-	-	-	-	-	6	0	
Vigo-Campus	13.1	15.8	20.8	14	11.2	5.3	23	86	47.0	5	36	78	90	65	49	143	743	8	82	4	972	-	-	10	0	
Xesteiras	10.7	13.1	18.8	14	8.9	2.9	23	154	72.6	5	-	89	97	77	-	-	-	24	84	4	-	-	-	22	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.